Bustelos

Unha aldea de montaña de gran valor etnográfico

A aldea de Bustelos ten todo para ser unha catedral da etnografía. Destaca especialmente a súa arquitectura popular en pedra seca que dou lugar á capela de San Bartolomeu, ás alvarizas, aos hórreos, aos muíños, aos valados e tamén ás congostras, todo feito a pulso polas súas xentes afeitas á convivencia coa montaña e no medio natural.

A congostra do camiño que vai de Bustelos ao Campo da Armada é o pórtico da gloria que dá entrada ao corazón da Serra do Candán. Trátase dun monumento etnográfico único.

ALVARIZA

HÓRREO

MUÍÑOS

Na aba do Candán preto de Bustelos baixan o rego da Franqueira e o rego das Minas que moveu varios muíños fariñeiros e forma unha preciosa fervenza.